

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 30/04/2026(<http://sede.vilagarcia.gal>)

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. CARLOS COIRA LOJO

DONA SONIA OUTON CASAL

DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ

D. ALVARO CAROU GARCÍA

D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO

DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN

D. JUAN ANDRES BAYON ROLO

DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO

D. JESUS REY RODRIGUEZ

D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO

D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ

DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN

D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

D. JULIO VARELA CARDALDA

D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ

DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ

D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

Lista de non asistentes

D. DIEGO GARCIA SANTIAGO

SECRETARIA

DONA MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

D. JULIO FONTAÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 30/04/2026, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 26 de marzo de 2026.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes marzo de 2026.
3. Aprobación, se procede, do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 03/REC/2026/PLENO por importe de 1.512,43 €.
4. Aprobación, se procede, do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito (gastos FPSDM).
5. Aprobación, se procede, da Memoria de Actividades Deportivas da FPSDM, correspondente ao exercicio 2025
6. Aprobación, se procede, do cambio de uso na cualificación urbanística contemplada no PXOM, para a antiga escola unitaria de Guillán (Rúa Xiabre nº 19).
7. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, por unha vivenda digna en Vilagarcía de Arousa.

9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, pola reparación dos danos e a salubridade no CEIP Anexo A Lomba.
10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP, para o arranxo e mantemento dos parques infantís de Vilagarcía.
11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE, en relación co CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro-Carril.
12. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
13. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
14. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.
15. Rogos e preguntas presentadas por escrito polos membros da Corporación Municipal.
16. Rogos e preguntas formuladas oralmente polos membros da Corporación Municipal.

17. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios municipais D. Manuel Angel Figueiredo González e D. Fernando Pérez Quintela utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DE DATA 26 DE MARZO DE 2026.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21) a acta da sesión anterior de data 29 de xaneiro de 2026.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260430&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE MARZO DE 2026: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA:

- 1 Actos Santa Rita Xubilación de Empregados/as Municipais.
- 2 Aprobación proxecto de obras
- 1 Corrección de erros aprobación proxecto
- 4 Renovación carné de condutor de taxi
- 1 Renovación permiso municipal de condutor de taxi
- 4 Renovación licenza municipal de taxi
- 2 Expediente de transferencia de crédito
- 2 Expediente de modificación de crédito
- 5 Proxecto de gasto
- 6 Reparo suspensivo facturas
- 1 Baixas por inscrición indebida padrón de habitantes
- 3 Recurso de reposición expediente sancionador de tráfico
- 6 Arquivo expediente sancionador de tráfico
- 1 Resolución sancionadora infracción de tráfico
- 13 Primeiras alegacións expediente sancionador de tráfico
- 1 Reorganización Servizos Rendas e Secretaría Xeral
- 1 Aboamento servizos prestados en xornada nocturna
- 2 Nomeamento Funcionario/a interino/a
- 1 Bases selección traballadores/as Plan mais Provincia
- 1 Nomeamento tribunal selección traballadores/as Plan mais Provincia
- 1 Pagamento Plan de Pensións
- 1 Plan orzamentario a medio prazo 2027-2029
- 7 Substitución posto de categoría superior

1 Adxudicación contrato de préstamo
2 Desestimatoria ICIO
18 Estimatoria/desestimatoria beneficios fiscais no IVTM
8 Estimatoria taxas e prezos públicos
2 Estimatoria recibos
4 Estimatoria compensación de débedas
2 Estimatoria bonificación IBI
3 Estimatoria liquidacións e baixas
5 Estimatoria/desestimatoria IBI
1 Aprobación recargo AEAT
3 Estimatoria/desestimatoria bonificación IVTM
1 Cancelación plan personalizado de pago
1 Aprobación Padrón Mercados
3 Estimatoria fraccionamento de débedas
73 Orde de pago
39 Deber de conservación
1 Declaración de ruína
1 Aprobación definitiva proxecto de urbanización
1 Recurso contencioso administrativo expediente actividade
10 Reposición da legalidade urbanística
3 Sancionador actividades
39 Comunicación previa obras menores
5 Declaración ineficacia comunicación previa obras menores
27 Licenza de obra menor
6 Licenza de segregación de fincas
11 Licenza de obra maior
7 Concesión de prórroga obra maior
1 Archivo comunicación previa licenza actividade
4 Cambio de titularidade comunicación previa licenza actividade
1 Cambio titularidade licenza de obra maior

TOTAL: 350

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260430&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

Polo Sr. Alcalde al térase a Orde do Día da presente sesión plenaria, pasando a tratar a continuación os asuntos que figuran co nº 7 (solicitude de participación cidadá) e a continuación o asunto que figura co número 9 da orde do día do Pleno "Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, pola reparación dos danos e a salubridade do CEIP Anexo A Lomba", e despois o asunto que figura co número 8 da orde do día do Pleno "Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, por unha vivenda digna en

Vilagarcía".

7.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Están presentadas as seguintes solicitudes de participación cidadá:

- Dona Cinta Reboredo Leiro, en representación da ANPA do CEIP Anexo A Lomba.
- D. Andrés López Blanco, en representación da Plataforma Cidadá Vivenda Xa!

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260226&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, POLA REPARACIÓN DOS DANOS E A SALUBRIDADE NO CEIP ANEXO A LOMBA.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 27 de abril de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta de moción presentada polo grupo político municipal do BNG, coa data 21 de abril de 2026, do seguinte teor:

MOCIÓN POLA REPARACIÓN DOS DANOS E A SALUBRIDADE NO CEIP ANEXO A LOMBA

O edificio no que se atopa o CEIP Anexo A Lomba é un dos centros de ensino máis antigos de Vilagarcía. Foi o 15 de novembro de 1931, ano no que se construíu, cando foi inaugurado coma Grupo Escolar, dende aquela, varias foron os diferentes usos e odificacións que foron sufrindo as instalacións, máis tendo en conta a súa antigüidade, o máis lóxico e que precise de actualizacións para adaptalo as condicións idóneas para o desenvolvemento da actividade educativa que alí se realice, así coma dun mantemento e revisións constantes.

Nese senso, dende a comunidade educativa do centro, ao que asisten diariamente 155 alumnas e alumnos de infantil e primaria, veñen denunciando dende fai tempo o mal estado que presenta o edificio en diferentes puntos:

- O tellado, supostamente en vías de limpeza por parte do Concello está mal. Isto provoca que

diferentes lugares do centro de ensino presenten filtracións.

- A uralita que cobre o patio está picada. Isto fai que no momento que chove haxa goteiras facendo que as crianzas se mollen. Ata o de agora fóronselle colocando bridas para que aguante, máis precisaríase un cambio total da mesma.

- O centro presenta unha falta total de accesibilidade, quedando está reducida unicamente a unha rampla de acceso situada pola parte de atrás do edificio dentro do recinto pertencente ao patio.

Merece unha mención especial o estado que presentan os aseos do centro. O falso teito co que contan está tan deteriorado que perde ancoraxe e remata caendo enriba dos aseos, co risco para a integridade e a seguridade das crianzas e do profesorado que iso supón. Ademais os baños quedaron totalmente obsoletos, contando con instalacións sanitarias que non están adaptadas nin as necesidades nin as normativas actuais, e presentan un estado de abandono e deterioro importante que non só afecta as labores de limpeza, senón que supoñen un grave risco e perigo físico.

A maiores de todo isto, está o problema máis grave que agora mesmo presenta o centro que é o estado de corrosión e de deterioro avanzado presentado polas tubaxes encargadas da condución da auga potábel. Estas son de chumbo, un material prohibido dende fai décadas debido a súa alta toxicidade e ao ser catalogado de canceríxeno.

A alta e avanzada corrosión que presentan as tubaxes, as cales foron reparadas de xeito precario en diferentes ocasións polo concello simplemente colocando abrazadeiras ás mesmas, provoca que a auga que circula por elas sexa tóxica. É máis, só fai falla abrir a billa e ver de que cor escura sae a auga para saber que non está en condicións seguras para o seu consumo ou uso de calquera tipo.

A isto súmase o risco crítico nun centro no que as crianzas de curta idade por máis que se lles indique non son conscientes do perigo que supón o beber de ditas billas. O único que cabe polo tanto, é a substitución total das tubaxes ilegais coas que conta o centro, por outras que cumpran coa normativa vixente en canto a saúde e salubridade.

O que aquí relatamos foi denunciado tanto publicamente coma por rexistro ante a Consellería de Educación da Xunta de Galiza en diferentes ocasións. Xa no 2023 tanto ANPA coma dirección enviaron diferentes escritos a Educación e dende a Consellería prometéronlles que as obras de substitución das tubaxes serían executadas antes do Nadal do 2025.

Sen embargo, pouco antes do Nadal do ano pasado, dende a Consellería informouse ao centro de que as obras non serían levadas a cabo por falla de financiamento. Non entendemos que dende a Xunta de Galiza, tendo a obra xa comprometida co centro, e sabendo do risco diario que supón a súa situación, non destinaran unha partida nos seus orzamentos para proceder á substitución das tubaxes e a reparación e actualización dos aseos do mesmo.

Ante a urxencia que isto representa, dende a ANPA do CEIP dirixíronse tanto á Consellería de Sanidade coma a de Educación para solicitar que realizasen unhas analíticas da auga, sendo denegada a súa petición e, coma é habitual, pasándose a pelota entre ambas administracións sen darlles solución a petición realizada. Non entendemos que dita petición lles fose denegada, cando a outros centros educativos que se atoparon na mesma situación, temos aquí mesmo en Vilagarcía o caso do IES de Carril onde o tema resolveuse sen problema.

Agardamos que esta falta de actuación non vaia na liña do acontecido coas diferentes tentativas de supresión de aulas no Anexo, que so foron paradas pola mobilización social, e que apuntan a que a intención da Consellería de Educación sexa a de querer pechar o centro.

Polo tanto, e ante a gravidade de todo o anteriormente exposto, dende o grupo municipal do BNG de Vilagarcía, solicitamos do Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO:

- Instar á Xunta de Galiza a que de xeito urxente realice a substitución das tubaxes do CEIP ANEXO A LOMBA.
- Instar á Xunta de Galiza a que proceda ao arranxo do teito dos aseos, así coma ao cambio das pezas sanitarias e a realizacións das obras precisas para a actualización das instalacións en cumprimento coa normativa vixente en materia de accesibilidade e seguridade.
- Instar á Xunta de Galiza a que proceda a substitución da uralita que cobre o patio.
- Instar á Xunta de Galiza a que proceda a colocación dun ascensor no centro así coma a que realice as obras en materia de accesibilidade pertinentes.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e EU informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal do BNG, pola reparación dos danos e a salubridade no CEIP Anexo A Lomba.

- Intervén Dona Cinta Reboredo Leiro, en representación da ANPA do CEIP Anexo A Lomba.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar o a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e:

- Instar á Xunta de Galiza a que de xeito urxente realice a substitución das tubaxes do CEIP ANEXO A LOMBA.
- Instar á Xunta de Galiza a que proceda ao arranxo do teito dos aseos, así coma ao cambio das pezas sanitarias e a realizacións das obras precisas para a actualización das instalacións en cumprimento coa normativa vixente en materia de accesibilidade e seguridade.
- Instar á Xunta de Galiza a que proceda a substitución da uralita que cobre o patio.
- Instar á Xunta de Galiza a que proceda a colocación dun ascensor no centro así coma a que realice as obras en materia de accesibilidade pertinentes.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260430&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, POR UNHA VIVENDA DIGNA EN VILAGARCÍA DE AROUSA.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 27 de abril de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, coa data de 7 de abril de 2026, do seguinte teor:

MOCIÓN POR UNHA VIVENDA DIGNA EN VILAGARCÍA DE AROUSA

Nos últimos anos o acceso a vivenda converteuse nunha das principais preocupacións sociais do noso país. Para moitas veciñas e veciños, especialmente xoves, familias traballadoras ou persoas con rendas medias, a vivenda converteuse nun factor de incerteza que condiciona decisións vitais tan importantes como emanciparse, formar unha familia ou permanecer vivindo no seu propio concello. O acceso a vivenda non pode converterse nun privilexio ao alcance duns poucos, senón que debe garantirse como un dereito básico que permita desenvolver proxectos de vida con estabilidade.

Na cidade de Vilagarcía de Arousa esta realidade percíbese cada vez con maior claridade. O aumento do prezo do aluguer e a escaseza de vivenda asequíbel, únese ao aumento do turismo. Proliferan as vivendas de uso turístico, con alugueres para as persoas que veñen de vacacións, propoñendo a cidadanía contratos temporais para a tempada de inverno (de Setembro a Maio) e aumentando significativamente os prezos do aluguer. Para a cidadanía é inviable poder vivir na súa cidade nestas condicións, na que explotar o turismo e o negocio da vivenda resulta máis beneficioso que dar servizo á propia poboación.

Vilagarcía é unha das cidades galegas con máis vivendas baleiras. Ademais dun censo das mesmas, hai que aplicar solucións. Non é posible que coa crecente demanda que hai de vivenda poidamos pasar por alto as máis de 5500 vivendas baleiras (datos 2024

Observatorio da Vivenda, xa que non temos dispoñibles os datos actuais).

Por todo isto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Vilagarcía de Arousa, en nome da Plataforma Galega Vivenda Xa, solicita do pleno da corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar ao Concello de Vilagarcía a poñer máis terreos a disposición da Xunta de Galiza para destinalo a Vivenda de Protección Oficial de aluguer, para poder facilitar o acceso a vivenda as persoas que traballan e viven na cidade, e non poden ter opción a compra.
2. Solicitar a Xunta de Galiza a declaración de zona tensionada. Figura que contempla a lei estatal de Vivenda que permite aplicar límites ao prezo dos alugueres nas áreas onde o acceso a vivenda é especialmente difícil. É importante rebaixar a cifra que estima a Xunta de Galiza de "Gran tenedor" de 10 a 5 vivendas. Xa que con 5 propiedades o valor medio de mercado desas vivendas en conxunto adoita superar o millón de euros.
3. Aplicar a recarga máxima do 150% ás vivendas desocupadas segundo a lei estatal de vivenda do 2023.
4. Aplicar as mesmas taxas e normas de seguridade ás Vivendas de Uso Turístico (VUT) que o resto de negocios hostaleiros. É inviable permitir que unha persoa alugue un piso sacando un beneficio, facéndolle competencia desleal a un negocio de hostalería, sen cumprir coas mesmas normas de seguridade (Extintores, Evacuación...) nin pagando os mesmos impostos. En definitiva, trátase dunha competencia desleal que prexudica aos que contribúen no propio concello.

Na Comisión Informativa a Secretaria do Concello informa que a Lei 12/2023, de 24 de maio, polo dereito á vivenda, no artigo 18 esixe, para a declaración de zona de mercado residencial tensionado, o cumprimento de determinados criterios e procedementos establecidos na normativa reguladora. Así mesmo informa que o recargo no IBI aos inmobles de uso residencial desocupados con carácter permanente que contempla a disposición final terceira da lei 12/2023, de 24 de maio, require o cumprimento de determinados requisitos, medios de proba e procedemento que se estableza na Ordenanza Fiscal correspondente.

Polo tanto, a Secretaria considera que a adopción dos citados acordos, require o cumprimento previo, dos procedementos fixados no artigo 18 e disposición final terceira da lei 12/2023, de 24

de maio.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo político municipal do BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, PP e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, por unha vivenda digna en Vilagarcía de Arousa.

- Intervén D. Andrés López Blanco, en representación da Plataforma Cidadá Vivenda Xa!.

- Polo voceiro do Grupo Político Municipal do BNG faise constar en acta que, de ser aprobada esta moción, se envíe á Xunta de Galicia a documentación que se establece na Lei polo dereito á vivenda, do ano 2023.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.-Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), BNG (2) e EU (1), e nove votos en contra dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (9)

ACÓRDASE Por maioría aprobar o a moción presentada polo grupo político municipal do BNG, debendo cumprimentarse os procedementos fixados no artigo 18 e disposición final terceira da lei 12/2023, de 24 de maio e:

1. Instar ao Concello de Vilagarcía a poñer máis terreos a disposición da Xunta de Galiza para destinalo a Vivenda de Protección Oficial de aluguer, para poder facilitar o acceso a vivenda as persoas que traballan e viven na cidade, e non poden ter opción a compra.
2. Solicitar a Xunta de Galiza a declaración de zona tensionada. Figura que contempla a lei estatal de Vivenda que permite aplicar límites ao prezo dos alugueres nas áreas onde o acceso a vivenda é especialmente difícil. É importante rebaixar a cifra que estima a Xunta de Galiza de "Gran tenedor" de 10 a 5 vivendas. Xa que con 5 propiedades o valor medio de mercado desas vivendas en conxunto adoita superar o millón de euros.
3. Aplicar a recarga máxima do 150% ás vivendas desocupadas segundo a lei estatal de vivenda do 2023.
4. Aplicar as mesmas taxas e normas de seguridade ás Vivendas de Uso Turístico (VUT) que o resto de negocios hostaleiros. É inviable permitir que unha persoa alugue un piso sacando un beneficio, facéndolle competencia desleal a un negocio de hostalería, sen cumprir coas mesmas normas de seguridade (Extintores, Evacuación...) nin pagando os mesmos impostos. En definitiva, trátase dunha competencia desleal que prexudica aos que contribúen no propio concello.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260430&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL

DE CRÉDITO 03/REC/2026/PLENO POR IMPORTE DE 1.512,43 €. - Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de abril de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía, do seguinte teor:

MEMORIA DA ALCALDIA

De conformidade co establecido nos Artigos 26.2.C e 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, poderán aplicarse ós créditos do presuposto vixente as obrigas procedentes de exercicios anteriores, previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno Municipal.

Existen gastos procedentes de exercicios pechados que se encontran nas seguintes situacións:

1. Factura con xustificante de entrada 2025/6206 cun importe de 242,40 € de SUPERVISION Y CONTROL SAU polo servizo de inspección periódica obrigatoria (ITV) de vehículos municipais, que tivo entrada no exercicio 2025 e que carecía de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación aos créditos do exercicio 2025.
2. Factura con xustificante de entrada 2026/1849 cun importe de 302,50 € de PEDRO GONZALEZ FOTOGRAFIA SL pola sesión de fotos na campaña de Metro Madrid Fitur 2025, que tivo entrada no mes de marzo de 2026 e que carecía de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación aos créditos do exercicio 2025.
3. Relación de facturas F/2026/69 cun importe de 612,99 € que comprende xustificantes con rexistro contable no exercicio 2026 de contratos menores de servizos realizados pola empresa SUPERVISION Y CONTROL SAU no exercicio 2025, que tiveron entrada no mes de marzo de 2026 e que carecían de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación aos créditos do exercicios 2025.
4. Relación de facturas F/2026/74 cun importe de 354,54 € que comprende xustificantes con rexistro contable no exercicio 2026 de contratos menores de subministracións derivados do normal desenvolvemento dos servizos municipais realizadas no exercicio 2025, que tiveron entrada no mes de marzo e que carecían de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación aos créditos do exercicio 2025.

Visto que no orzamento vixente existe crédito suficiente ben nas aplicacións orzamentarias ben a nivel de bolsa de vinculación, nos termos indicados nas relacións de facturas anexas á providencia de alcaldía por importe de 1.512,43 €.

Vistos os informes favorables á viabilidade orzamentaria emitidos polos órganos xestores responsables dos programas de gasto implicados no presente expediente.

Tendo en conta que esta alcaldía considera preceptivo proceder ao recoñecemento extraxudicial de créditos co fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración dado que se trata de servizos e subministracións efectivamente realizados en aras a evitar un prexuízo para os provedores, contratistas e demais acredores o tempo que se contribúe a acadar os obxectivos fiscais de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira marcados na LOEOSF 2/2012.

Logo de ver o Informe de Intervención, JFC/425/2026 (CSV PUU0JA11YS2RA2VF) de data 21/04/2026, no que se manifesta a necesidade dun acordo plenario para aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos N° 03/REC/2026/PLENO por importe de 1.512,43 € con cargo ás aplicacións orzamentarias especificadas nas relacións anexas á providencia de alcaldía, esta Alcaldía-Presidencia, somete á aprobación da Corporación Municipal, o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos N° 03/REC/2026/PLENO, das facturas e xustificantes comprendidos nas relacións de facturas N° F/2026/69 e F/2026/74 e dos

xustificantes 2025/6206 e 2026/1849 anexas á providencia de alcaldía, por un importe global de 1.512,43 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2026 (2025 prorrogado) a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura dixital

O ALCALDE

Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de crédito 03/REC/2026/PLENO por importe de 1.512,43 €.

Auséntase a Sra. Abuín Rodríguez.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con nove votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (8) e BNG (1), e dez abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (9) e EU (1)

ACÓRDASE Por maioría:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos N° 03/REC/2026/PLENO, das facturas e xustificantes comprendidos nas relacións de facturas N° F/2026/69 e F/2026/74 e dos xustificantes 2025/6206 e 2026/1849 anexas á providencia de alcaldía, por un importe global de 1.512,43 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2026 (2025 prorrogado) a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260430&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO (GASTOS FPSDM).- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de abril de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta de Informe-Proposta do Presidente da Fundación de Deportes, do seguinte teor:

INFORME-PROPOSTA

De conformidade co establecido nos Artigos 26.2.C e 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, poderán aplicarse ós créditos do presuposto vixente as obrigas procedentes de exercicios anteriores, previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno Municipal.

Existen gastos procedentes de exercicios pechados que se encontran nas seguintes situacións:

1.- As relacións de facturas que a continuación se indican por importe total de 20.449,23 € comprenden xustificantes con rexistro contable no exercicio 2025 de contratos menores de subministracións e servizos derivados do normal desenvolvemento dos servizos da Fundación de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa realizados no exercicio 2025, que tiveron entrada no exercicio 2025 e que carecían de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación aos créditos do exercicio 2025.

- Relación Nº F/2025/43 por importe de 3.472,08 €.
- Relación Nº F/2025/45 por importe de 3.748,00 €.
- Relación Nº F/2025/47 por importe de 3.857,64 €.
- Relación Nº F/2025/48 por importe de 9.371,51 €.

2.- Relación de facturas que a continuación se indican por importe total de 18.835,87 € comprenden xustificantes con rexistro contable no exercicio 2025 de contratos menores de subministración de enerxía eléctrica correspondentes a consumos do exercicio 2025, que tiveron entrada no exercicio 2025 e que carecían de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación aos créditos do exercicio 2025.

- Relación Nº F/2025/44 por importe de 9.697,27 €.
- Relación Nº F/2025/49 por importe de 9.138,60 €.

3.- Factura con xustificante de entrada 2025/7928 cun importe de 125,05 € de VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., correspondente aos consumos dos móbiles a Fundación de Deportes do mes de outubro do ano 2025, que tivo entrada no exercicio 2025, aprobado a súa contabilización e recoñecemento de obriga pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 22/12/2025, e que carecía de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación aos créditos do exercicio 2025. Visto que no orzamento vixente existe crédito suficiente ben nas aplicacións orzamentarias ben a nivel de bolsa de vinculación, nos termos indicados nas relacións de facturas anexas á providencia de alcaldía por importe de 39.410,15 €.

Vistos os informes favorables á viabilidade orzamentaria emitidos polos órganos xestores responsables dos programas de gasto implicados no presente expediente.

Tendo en conta que o Sr. Presidente da Fundación de Servizos Deportivos Municipais considera preceptivo proceder ao recoñecemento extraxudicial de créditos co fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración dado que se trata de servizos e subministracións efectivamente realizados en aras a evitar un prexuízo para os provedores, contratistas e demais acredores o tempo que se contribúe a acadar os obxectivos fiscais de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira marcados na LOEOSF 2/2012.

Logo de ver o Informe de Intervención, JFC/353/2026 (CSV SYTPJUEQK0GG4MSK) de data 09/04/2026, no que se manifesta a necesidade dun acordo plenario para aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 01/REC/2026/PLENO/DEPORTES por importe de 39.410,15 € con cargo ás aplicacións orzamentarias especificadas nas relacións anexas á providencia da Fundación de Servizos Deportivos Municipais, o Sr. Presidente da, somete á aprobación da Corporación Municipal, o seguinte acordo

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 01/REC/2026/PLENO/DEPORTES, das facturas e xustificantes comprendidos nas relacións de facturas Nº F/2025/43, Nº F/2025/44, Nº F/2025/45, Nº F/2025/47, Nº F/2025/48, Nº F/2025/49 e dos xustificantes 2025/7928 anexas á providencia da Fundación de Servizos Deportivos Municipais, por un importe global de 39.410,15 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do

exercicio 2026 (2025 prorrogado) a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura dixital

O presidente da Fundación de Deportes

D. Carlos Coira Lojo

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito (gastos FPSDM).

- Incorporárase novamente á sesión a Sra. Abuín Rodríguez.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (8) e BNG (2), e dez abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (9) e EU (1)

ACÓRDASE Por maioría:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 01/REC/2026/PLENO/DEPORTES, das facturas e xustificantes comprendidos nas relacións de facturas Nº F/2025/43, Nº F/2025/44, Nº F/2025/45, Nº F/2025/47, Nº F/2025/48, Nº F/2025/49 e dos xustificantes 2025/7928 anexas á providencia da Fundación de Servizos Deportivos Municipais, por un importe global de 39.410,15 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2026 (2025 prorrogado) a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260430&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MEMORIA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS, REALIZADAS DURANTE O ANO 2025.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de abril de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria Anual de actividades da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, correspondentes ao ano 2025, aprobada polo Consello Reitor, por unanimidade, en sesión celebrada o día 12 de marzo de 2026.

O resumo da memoria foi desagregada nos seguintes apartados:

1.- ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

1.1.- Escola Deportiva de Psicomotricidade. Tempada 2024-25.

1.2.- Escola Multideportiva.

- 1.2.1.Tempada 2024-25.
- 1.2.2.Tempada 2025-26.
- 1.3.- Escola Deportiva de Base.
- 1.3.1.Tempada 2024-25.
- 1.3.2.Tempada 2025-26.
- 1.4.- Escolas Municipais de Navegación. Ano 2025.

2.- ACTIVIDADES FISICO DEPORTIVAS PARA ADULTOS.

- 2.1.- Tempada 2024-2025
- 2.1.1.- 2º curso tempada 2024-25
- 2.1.2.- 3º curso tempada 2024-25
- 2.2.- Tempada 2025-26
- 2.2.1.- 1º curso 25-26

3.- VACACIONES DEPORTIVAS VILAGARCÍA 2025.

- 3.1. Vacacións Multideportivas
- 3.2. Activo MAIORmente
- 3.3. Acondicionamento Físico.
- 3.4. Eventos deportivos
- 3.4.1.- XXII Torneo de Tenis de Verán.
- 3.4.2. – XXI Carreira Nocturna Concello de Vilagarcía

4.- OUTROS EVENTOS DEPORTIVOS.

- 4.1.- Eventos organizados pola Fundación de Deportes.
- 4.2.-Eventos organizados por Entidades deportivas con colaboración da Fundación de Deportes.

5.- INVERSIÓN NAS INSTALACIÓN DEPORTIVAS MUNICIPAIS:

Durante o ano 2025 a Fundación de Deportes e o Concello de Vilagarcía invertiron na mellora e modernización das instalacións deportivas municipais, un importe total de 3.470.312,49 €.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente. As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Memoria de actividades do ano 2025 da Fundación de Servizos Públicos Deportivos Municipais.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezanove votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (8), PP (9) e BNG (2), e unha abstención do concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1)

ACÓRDASE Por maioría:

Aprobar a Memoria de actividades do ano 2025 da Fundación de Servizos Públicos Deportivos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260430&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CAMBIO DE USO NA CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA CONTEMPLADA NO PXOM, PARA A ANTIGA ESCOLA UNITARIA DE GUILLÁN (RÚA XIABRE Nº 19).- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 27 de abril de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta de Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

ASUNTO: CAMBIO DE USO DE EQUIPAMENTO ESCOLAR O USO DA PARCELA SITA NA RÚA XIABRE, Nº 19, CON REFERENCIA CATASTRAL 9775614NH1197N (ESCOLA UNITARIA DE GUILLÁN),

En data 23 de abril de 2024 o Arquitecto Municipal da Oficina Técnica elaborou a documentación técnica necesaria para proceder a modificar o uso do equipamento escolar , no edificio denominado como “Escola Unitaria de Guillán”.

Segundo se indica na documentación obrante no expediente administrativo “A finca figura no vixente Plan Xeral dentro do Sistema Xeral de Equipamentos, destinada concretamente a Equipamento escolar (ficha L-094)”, reproducíndose no informe a ficha correspondente o expediente instruído os efectos oportunos.

A Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia sinala no artigo 42 apartado 5º establece ao respecto do cambio de uso dos terreos destinados a equipamentos públicos:

“5. O concello en pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 65.7º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo.

A parcela está incluída en solo de sistema xeral de equipamentos “EE”, recollidos no PXOM vixente e sinalado coa referencia “L-094”, pertencente ao sistema xeral de equipamentos públicos.

Segundo se indica na Memoria descritiva e xustificativa redactada polo Arquitecto Municipal a intención do Concello é cambiar a actual cualificación de Equipamento Escolar pola denominada Outros equipamentos (E.O), o que permitirá que o edificio sexa destinado a outros usos non definidos no PXOM (asistencias, administrativos, seguridade cidadá, etc...) ou aqueles para os que non se preveu unha finalidade concreta.

Na Memoria da proposta redactada pola Oficina Técnica do Concello analízanse pormenorizadamente as condicións requiridas polo artigo 42.5º da LSG para proceder ao cambio de uso e así se sinala:

“No presente caso cúmprense as condicións requiridas por este artigo para levar a Pleno este cambio xa que:

- O que se propón é un cambio de uso.
- Trátase dun equipamento público.
- O novo uso tamén é dotacional (equipamento) e tamén público.
- Mantense a titularidade pública.
- Mantéñense as condicións de edificabilidade que establece o PXOM e que figuran na ficha do Catálogo modificado.

(...)

- CUALIFICACIÓN ACTUAL.-

Equipamento escolar (EE)

- CUALIFICACIÓN PROPOSTA.-

Outros equipamentos

Considerase viable que o cambio de uso se leve a cabo polo témito do art. 42.5 da vixente Lei 2/026, de 10 de febreiro, sen que supoña una modificación do planeamento vixente”

En data 23. 04.2026, a vista do expediente administrativo instruído aos efectos oportunos, emitíuse informe xurídico sobre o cambio de uso da devandita parcela por unha cualificación máis acorde co pretendido polo Concello, pronunciándose favorablemente o cambio proposto polo Arquitecto Municipal da Oficina Técnica.

Á vista dos antecedentes esta Alcaldía-Presidencia en uso das facultades conferidas pola lexislación vixente propón ó Pleno, órgano competente en aplicación do previsto no artigo 22 da Lei 7/85, de bases de réxime local, a adopción do seguinte

A C O R D O:

Primeiro: Cambiar o uso da parcela sita na rúa Xiabre, nº 19, con referencia catastral 9775614NH1197N (Escola Unitaria de Guillán)), pasando da cualificación actual “Equipamento Escolar (E.E)” a “Outros equipamentos (E.O)”, aos efectos de poder permitir outros usos non definidos no PXOM (asistencial, administrativos, seguridade cidadá, etc...) ou aqueles para os que non se preveu una finalidade concreta

Segundo: Publicar, no prazo dun mes, no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia o acordo que se adopte de conformidade co sinalado no artigo 82 da Lei do Solo de Galicia.

Terceiro: Dar traslado á Consellería competente en materia de urbanismo do acordo que se adopte aos efectos de que proceda á súa inscrición no rexistro de planeamento urbanístico de Galicia, de conformidade co sinalado no artigo 88 da Lei do Solo de Galicia.

Vilagarcía de Arousa, na data de sinatura dixitalizada.

O Alcalde Presidente

D. Alberto Varela Paz.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e EU informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente o cambio de uso na cualificación urbanística contemplada no PXOM, para a antiga escola unitaria de Guillán (Rúa Xiabre nº 19).

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE:

Primeiro: Cambiar o uso da parcela sita na rúa Xiabre, nº 19, con referencia catastral 9775614NH1197N (Escola Unitaria de Guillán)), pasando da cualificación actual “Equipamento Escolar (E.E)” a “Outros equipamentos (E.O)”, aos efectos de poder permitir outros usos non definidos no PXOM (asistencial, administrativos, seguridade cidadá, etc...) ou aqueles para os que non se preveu una finalidade concreta

Segundo: Publicar, no prazo dun mes, no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia

o acordo que se adopte de conformidade co sinalado no artigo 82 da Lei do Solo de Galicia.

Terceiro: Dar traslado á Consellería competente en materia de urbanismo do acordo que se adopte aos efectos de que proceda á súa inscrición no rexistro de planeamento urbanístico de Galicia, de conformidade co sinalado no artigo 88 da Lei do Solo de Galicia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260430&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP, PARA O ARRANXO E MANTEMENTO DOS PARQUES INFANTÍS DE VILAGARCÍA.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 27 de abril de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP, coa data de 22 de abril de 2026, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 30 de abril de 2026 a seguinte MOCIÓN:

**“MOCIÓN PARA O ARRANXO E MANTEMENTO DOS PARQUES INFANTÍS DE VILAGARCÍA”
EXPOÑEN**

A situación das áreas de xogo infantil en Vilagarcía de Arousa dista moito de ser a ideal, chegando en moitos casos a ser unha auténtica preocupación para a seguridade dos nosos veciños máis pequenos.

Malia as constantes promesas de mantemento por parte do goberno local, a realidade que viven as familias nas nosas parroquias e barrios é de total abandono.

Nas últimas semanas, este grupo municipal recibiu numerosas queixas de veciños e veciñas de diferentes puntos do municipio. Tras facer unha rolda de visitas por diferentes parques de Vilagarcía, puidemos constatar que o estado de abandono non é un feito illado, senón un problema grave e xeralizado de falta de mantemento e de xestión. O que deberían ser espazos de lecer e tranquilidade convertéronse, en moitos casos, en lugares onde a seguridade se está vendo comprometida para os nenos e nenas.

En moitos destes parques infantís atopamos cravos oxidados á vista, táboas de madeira astilladas ou ausentes, pavimentos deteriorados e problemas de salubridade. Os exemplos son claros:

- Parque de Santa Ana (urbanización A Xunqueira): Faltan táboas nas estruturas e os cravos oxidados están á vista. O chan segue a ser de gravilla, unha solución hixienicamente cuestionable. Os nenos non usan este parque porque, simplemente, non é seguro.
- Parques de San Xoán de Bamio, Invisa, Fontecarmoa e Cea: Peches rotos, gravilla, estruturas de madeira podres e falta de coidado básico.
- Matosinhos: Pese a que está ás portas de varios centros educativos, a zona de xogos infantil está chea de excrementos de cans. As madeiras están rotas e podres e os cravos oxidados.
- Doña Concha (Vilaxoán): O pavimento de caucho está totalmente degradado e sofre inundacións constantes cada vez que chove.
- Pista de fútbol do Cavadelo: A rede de protección xa se desprende, o que impide o xogo seguro.

É unha cuestión de seguridade e responsabilidade: se un parque supón un perigo, o Concello debe arranxalo de inmediato ou, se o risco é inminente, precintalo para evitar accidentes. Ademais, se os parques non se coidan, as familias non van facer uso deles e, polo tanto, estase deixando morrer zonas de lecer e xogo que son vitais para a convivencia nos nosos barrios. Non se pode “xogar” deste xeito coa infancia e coas familias, e moito menos se queremos que Vilagarcía siga medrando e sexa un bo lugar para vivir.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Inspección técnica e calendario de mantemento permanente: Realizar unha inspección de seguridade en todos os parques infantís do municipio para identificar, avaliar e, no caso de ser necesario, proceder ao seu precinto ou reparación. Establecer un plan de revisión periódica e preventiva para evitar que cheguen a estados de deterioración tan avanzados.
2. Plan de reparacións e modernización de espazos: Proceder ao arranxo urxente dos desperfectos detectados nos parques, con especial prioridade nos citados anteriormente. Substituír progresivamente os elementos de xogo e os chans de gravilla restantes por pavimentos seguros, hixiénicos e accesibles.
3. Plan especial de limpeza e civismo: Reforzar a limpeza diaria e o control de presenza de excrementos de mascotas en zonas coma o parque de Matosinhos, así como sinalizar o espazo e realizar unha campaña de concienciación para garantir que estas zonas de xogo e lecer sexan salubres para os nenos e nenas.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal do PP, para o arranxo e mantemento dos parques infantís de Vilagarcía.

- O Sr. Fajardo Recousó indica que votará a favor da moción, se se retira do apartado 2 do acordo: Substituír progresivamente os chans de gravilla restantes por pavimentos seguros, hixiénicos e accesibles.

- Pola Sra. Granja Guillán aceptase a proposta do Sr. Fajardo Recousó.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (9), BNG (2) e EU (1), e oito abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSdeG-PSOE (8)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e:

1. Inspección técnica e calendario de mantemento permanente: Realizar unha inspección de seguridade en todos os parques infantís do municipio para identificar, avaliar e, no caso de ser necesario, proceder ao seu precinto ou reparación. Establecer un plan de revisión periódica e preventiva para evitar que cheguen a estados de deterioración tan avanzados.
2. Plan de reparacións e modernización de espazos: Proceder ao arranxo urxente dos desperfectos

detectados nos parques, con especial prioridade nos citados anteriormente, e substituír progresivamente os elementos de xogo.

3. Plan especial de limpeza e civismo: Reforzar a limpeza diaria e o control de presenza de excrementos de mascotas en zonas coma o parque de Matosinhos, así como sinalizar o espazo e realizar unha campaña de concienciación para garantir que estas zonas de xogo e lecer sexan salubres para os nenos e nenas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260430&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, EN RELACIÓN CO CEIP PLURILINGÜE ROSALÍA DE CASTRO-CARRIL. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 27 de abril de 2026, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE, coa data de 22 de abril de 2026, do seguinte teor:

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro-Carril conta con máis de cincuenta anos de historia. Ao longo deste período, as actuacións realizadas centráronse fundamentalmente en tarefas de conservación e mantemento. Nos últimos anos leváronse a cabo melloras na cuberta e nos falsos teitos, as cales non foron suficientes; porén, debido á antigüidade do centro, as necesidades existentes son numerosas e continúan incrementándose co paso do tempo.

O equipo directivo leva anos trasladando á Xunta de Galicia as múltiples melloras que o centro precisa, mediante a presentación reiterada de escritos dirixidos á Consellería de Educación, sen ter recibido ata o momento resposta ás solicitudes formuladas.

As intervencións necesarias son de gran entidade e relevancia, non só para o correcto funcionamento do centro, senón tamén para favorecer o aforro das administracións públicas e contribuír á mellora do medio ambiente, dado que unha parte importante das actuacións propostas está orientada á mellora da eficiencia enerxética.

Neste sentido, o centro leva anos solicitando a substitución das carpinterías exteriores, debido ao avanzado estado de deterioro que presentan. Esta situación provoca que o alumnado teña que soportar condicións de frío e humidade durante longas xornadas lectivas, así como problemas de condensación que, ademais de afectar ao confort térmico, poden derivar en riscos de caída por esvaramento en zonas húmidas.

Por outra banda, como consecuencia da evolución das necesidades ao longo do tempo, existen espazos no centro que actualmente carecen de utilidade e que poderían ser reconfigurados para acoller novas actividades educativas. Un exemplo significativo é o dos 21 aseos existentes,

claramente sobredimensionados para as necesidades actuais. O estado de conservación de moitos deles é deficiente: portas deterioradas, revestimentos danados polo paso do tempo e instalacións con signos de oxidación, o que xera no alumnado unha percepción de insalubridade e rexeitamento ao seu uso. A pesar de terse solicitado en diversas ocasións unha dotación económica para a súa mellora progresiva, unicamente se actuou en tres deles.

Así mesmo, resulta urxente a substitución de determinados elementos que xa superaron a súa vida útil e que están a xerar incidencias graves. Entre eles, destacan os canalóns da cuberta, cuxo mal estado provocou en varias ocasións caídas nos patios cubertos, algunhas das cales requiriron atención hospitalaria por lesións de consideración. Do mesmo xeito, as filtracións derivadas desta situación ocasionaron desprendementos en falsos teitos.

Finalmente, cómpre sinalar que a instalación eléctrica do centro, debido á súa antigüidade, non responde ás necesidades actuais nin cumpre coa normativa vixente, o que supón un risco significativo para a seguridade da comunidade educativa.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que se adopte o seguinte ACORDO:

INSTAR Á XUNTA A:

1. Respostar os escritos formulados reiteradamente polo equipo directivo.
2. Executar as obras demandadas polo CEIP PLURILINGÜE ROSALÍA DE CASTRO-CARRIL na maior brevidade posible.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE, en relación co CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro-Carril.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar o a moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE e:

INSTAR Á XUNTA A:

1. Respostar os escritos formulados reiteradamente polo equipo directivo.
2. Executar as obras demandadas polo CEIP PLURILINGÜE ROSALÍA DE CASTRO-CARRIL na maior brevidade posible.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260430&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- MOCIÓN PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓN DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260430&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- INTERPELACIÓN OU CONTROL DAS DECISIONS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260430&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- RESPUESTA DOS/AS CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as delegados/as respóndese ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260430&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POR ESCRITO POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte do grupo político municipal do PP presentanse por escrito o día 24 de abril de 2026, as seguintes preguntas:

1. Cando teñen pensado entregar á oposición a documentación do PXOM?
2. Como está de avanzado o proxecto de recuperación do Balneario?
3. En qué datas se presentaron ante a Xunta as solicitudes de autorización para o retranqueo do muro do CEIP O Piñeiriño? Ante que departamentos se presentaron? Podremos ter acceso ao escrito solicitado?
4. Qué traballos se estaban realizando recentemente no último tramo da balaustrada de Carril? A quen se lle encargaron? Por qué?

- Responden ás preguntas a Sra. Concelleira Delegada de Urbanismo e o Sr. Alcalde.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260430&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

- Sendo as 19:50 h. auséntase da sesión plenaria o Interventor Municipal D. Julio Fontaiña Couso.

16.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS ORALMENTE NA SESIÓN, POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260430&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN. Por parte das persoas que asisten como público á sesión fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20260430&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:15, levántouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.